

RETOS
DA
SEMANA
DO LIBRO

INSTRUCCIÓN:

ESTE XOGO CONSISTE NUNHA SERIE DE RETOS QUE OS PEQUES TEÑEN QUE IR RESOLVENDO E QUE UNHA VEZ ACADADOS TERÁN COMO RECOMPENSA UN PREMIO. ESE PREMIO SERÁ O PRÓXIMO VENRES 24 DE ABRIL PODER FACER UNHA VIDEOCONFERENCIA COA MESTRA TITORA PARA LERLLES UN CONTO E ASÍ CONMEMORAR O DÍA DO LIBRO(23 DE ABRIL).

O XOGO CONSTA EN QUE CADA DÍA DA SEMANA LLE IMOS PRESENTANDO UNHA PISTA QUE DEBEN SOLUCIONAR, UNHA VEZ SOLUCIONADA TERÁN ACCESO AO RETO CORRESPONDENTE A ESE DÍA. CANTOS MÁIS CONSIGAMOS, MÁIS DATOS POSIBLES TEREAMOS SOBRE O CONTO QUE VAMOS A CONTAR O PRÓXIMO VENRES. ÁNIMO!

MODO DE REALIZACIÓN:

LUNS: EXPLICÁMOSLLE O XOGO E O PREMIO QUE VAN A TER SE REALIZAMOS OS RETOS.

PRESENTAMOS A PISTA NÚMERO 1 (AS ADIVINIÑAS) E LÉMOSLLAS. CANDO AS ADIVIÑEN DÁMOSLLE O RETO 1 (ANEXO 1) PARA QUE POIDAN DEBUXAR OS TRES ANIMAIS.

MARTES: PRIMEIRO SIN QUE NOS VEXAN DEBEMOS COLOCAR O RETO NÚMERO 2 (PODEMOS IMPRIMILO OU ESCRIBILO NUN PAPEL) E POÑELO NUN RADIADOR, AO LADO DUNHA CHIMENEA, DUNHA ESTUFA (ALGO QUE TEÑAMOS POLA CASA QUE NOS SIRVA PARA QUENTARNOS).

DESPOIS LÉMOSLLE A PISTA NÚMERO 2 E DEIXAMOS QUE A BUSQUE POLA CASA. UNHA VEZ QUE O ATOPE, LÉMOSLLO E A REALIZAR UNHA COMPOSICIÓN COS OBXECTOS DE MADEIRA.

MÉRCORES: PRIMEIRO SIN QUE NOS VEXAN DEBEMOS COLOCAR O RETO NÚMERO 3 (QUE SERÁ UNHA BOLSA OU UN SAQUIÑO PEQUENO) NUNHA DAS ALMOFADAS DA CASA.

DESPOIS LÉMOSLLE A PISTA NÚMERO 3 E UNHA VEZ ATOPADA A BOLSA LÉMOSLLE O RETO QUE CONSISTE EN QUE O ADULTO METERÁ 3 OU 4 OBXECTOS DIFERENTES ENTRE SI(LIMÓN, ROTULADOR, TESOIRAS, CALCETÍN, PELOTA, PEINE, POR EXEMPLO) DENTRO DA BOLSA E O PEQUE SEN MIRAR TERÁ QUE ADIVIÑAR SÓ POLO TACTO QUE É O QUE ESTÁ TOCANDO. DESPOIS TERÁ QUE REPASAR A SILUETA DOS OBXECTOS NA FICHA DO RETO 3.

XOVES: PRIMEIRO SIN QUE NOS VEXAN DEBEMOS COLOCAR O RETO NÚMERO 4 (PODEDES ESCRIBILO NUN PAPEL OU IMPRIMILO) NO CAIXÓN DA COCIÑA ONDE GARDAMOS OS GARFOS, COITELOS E CUCHARAS.

DESPOIS LÉMOSLLE A PISTA NÚMERO 4 E DEIXAMOS QUE A BUSQUE. CANDO A ATOPE, LÉMOSLLE O RETO 4 A REALIZAR E TERÁN QUE AXUDAR A POÑER A MESA PARA A FAMILIA.

E CONSEGUIDO!!! DIPLOMA DE RETO CONSEGUIDO E INVITACIÓN A LER O CONTO COA MESTRA!!!!

PISTA 1:

Será presentada aos peques o luns e o proceder é lerlle as seguintes adiviñas e que eles cheguen á solución (podémoslle axudar). Son as seguintes:

ADIVIÑA 1:

MI PAPÁ DICE KIKIRIKÍ
MI MAMÁ COCOROCÓ
Y PIO PIO DIGO YO.
¿QUIÉN SOY?

ADIVIÑA 2:

SOY UN ANIMAL CON
CRESTA, PLUMAS Y PICO
Y HE PUESTO UN BALÓN
PEQUEÑO QUE TE PUEDES
COMER FRITO.
¿QUIÉN SOY?

ADIVIÑA 3:

UN ANIMAL PEQUEÑO
CON UNAS LARGAS
MAÚLLA Y CAZA
RATONES.
¿QUIÉN SOY?

unha vez conseguido.....



ACCEDEMOS AO RETO NÚMERO 1.

FACEMOS UN DEBUXO DOS TRES ANIMAIS QUE
ESTÁN RELACIONADOS CO CONTO QUE IMOS A LER,
PODEMOS ESCRIBIRLLE O NOME, XOGAR COAS
ONOMATOPEIAS, CONTAR AS PATAS, ÁS, ETC.

PISTA 2:

O PROTAGONISTA DO CONTO FOI BUSCAR LEÑA PARA FACER LUME ...O SEGUINTE RETO TELO QUE BUSCAR NUN LUGAR DA TÚA CASA QUE SERVE PARA DAR CALOR CANDO TEMOS FRÍO.

unha vez encontrado



ACCEDEMOS AO RETO NÚMERO 2.

BUSCA OBXECTOS, XOGUETES, UTENSILIOS DE MADEIRA QUE TEÑAS POLA CASA E FAI UNHA COMPOSICIÓN. FÁILLE UNHA FOTO E COMPÁRTEA.



PISTA 3:


O PROTAGONISTA DO CONTO TIVO QUE SE AGOCHAR NUNHA OLA PARA NON SER PILLADO..O SEGUINTE RETO ESTÁ ESCONDIDO NUN OBXECTO BLANCO E ALARGADO NO CAL POS A CABEZA CANDO DORMES.

unha vez encontrado



ACCEDEMOS AO RETO NÚMERO 3.

OS PAPÁS VAN A METER UNS OBXECTOS DENTRO DESTA BOLSA SIN QUE POIDAS MRAR E DESPOIS SÓ COAS MANS E SEN MIRAR TERÁS QUE ADIVIÑAR QUE OBXECTOS SON. DESPOIS A FACER AS SILUETAS.



PISTA 4:

BUSCA O SEGUINTE RETO NA COCIÑA NO LUGAR ONDE ESTÁN OS OBXECTOS QUE UTILIZAMOS PARA COMER, PORQUE SE NON OS UTILIZARAS COMERÍAS COS DEDOS.

unha vez encontrado




ACCEDEMOS AO RETO NÚMERO 4.

OS PROTAGONISTAS DO CONTO COCIÑAN E NÓS HOXE IMOS AXUDAR A POÑER A MESA PARA COMER...CANTOS PRATOS FAN FALLA? CANTOS VASOS? ONDE OS COLOCAMOS? SE NON É POSIBLE FACELO CANDO FAGAMOS A COMIDA OU A CENA, PODE SER CON UTENSILIOS DE XOGUETE.



RETO 1. DEBUXA A SOLUCIÓN DAS ADIVIÑAS.




RETO 2. BUSCA OBXECTOS, XOGUETES, UTENSILIOS DE MADEIRA QUE TEÑAS POLA CASA E FAI UNHA COMPOSICIÓN. FÁILLE UNHA FOTO E COMPÁRTEA.



RETO 4. OS PROTAGONISTAS DO CONTO COCIÑAN E NÓS HOXE IMOS AXUDAR A POÑER A MESA PARA COMER...CANTOS PRATOS FAN FALLA? CANTOS VASOS? ONDE OS COLOCAMOS? SE NON É POSIBLE FACELO CANDO FAGAMOS A COMIDA OU A CENA, PODE SER CON UTENSILIOS DE XOGUETE.

RETO 3. DEBUXA OU REALIZA AS SILUETAS DOS OBXECTOS QUE OS PAPÁS METERON DENTRO DA BOLSA.





MOI BEN!!

ESTA INVITACIÓN É PARA O NENO/A

.....

POR REMATAR OS RETOS DE XEITO
SATISFACTORIO.

O VENRES VÉMONOS PARA CONTAR UN CONTO.

CAL? SÍ. **COCORICO!**

COCORICO

